

FORMACIÓN DO FEMININO E DO MASCULINO EN GALEGO

Substantivos invariables

Son substantivos adscritos ó masculino ou ó feminino de xeito arbitrario e en moitos casos de difícil explicación.

Son xeralmente masculinos:

Os nomes rematados en -o: **o selo**.

Os nomes das letras: **o a, o be**.

Os nomes rematados en -au, -oi: **o bocoi**.

Os nomes rematados en -ote: **o dote**.

Tamén son masculinos outros nomes inclasificables:

o leite o nariz o sinal o sal o cume

o sangue o mel o riso o costume o fel

o cárcere o couce o dote o labor o lume

o ubre o cal

Son xeralmente femininos:

Os nomes rematados en -a: **a mazá**

Os substantivos rematados en -axe: **a friaxe, a linguaxe**.

Constitúen excepción as palabras seguintes: **o traxe, o paxe e o garaxe**.

Personaxe é xeralmente masculino, pero pode cambiar

de xénero e empregarse en feminino para referirse

a seres sexuais femininos.

Os substantivos rematados en -ite e -ise: **a apendicite, a análise**.

Os substantivos rematados en -ade: **a liberdade, a lealdade**.

As árbores froiteiras, cando o froito correspondente tamén é feminino:

a mazá --- a maceira

a cereixa --- a cerdeira

a pera --- a pereira

a ameixa --- a ameixeira

Excepción: **a castaña --- o castiñeiro**

Tamén son femininos outros substantivos dificilmente clasificables:

a árbore a reuma a véspera

a paisaxe a calor a orde

a arte a orixe a cor / a color

a suor a marxe a dor / a dolor

a canle a pantasma.

O feminino pode formarse de diferentes xeitos:

Con heterónimos (substantivos cuxo masculino e feminino teñen diferente raíz. O substantivo feminino non garda semellanza formal co masculino.

home / muller
can / cadela
pai / nai
carneiro / ovella
xenro / nora
cabalo / egua

Cando o substantivo ten a mesma forma para o masculino e para o feminino, o feminino fórmase por medio do determinante. Un gran número de substantivos forman o feminino a través de morfemas diferentes: o morfema especificamente xenérico ou ben morfemas derivativos.

o cantante / a cantante
o artista / a artista
o mártir / a mártir
o doente / a doente

**Por medio do morfema especificamente xenérico, témo-los casos seguintes:
Se o substantivo remata en -o ou en -e, perden a vocal final e engaden -a.**

o fillo / a filla
o mozo / a moza
o mestre / a mestra
o xefe / a xefa

Se o substantivo remata en vocal tónica ou en consoante distinta de -n, forman o feminino engadindo -a.

o avó / a avoa
o rapaz / a rapaza
o doutor / a doutora

**Se o substantivo remata en -n, cómpre ter en conta a vocal final:
Se o final do masculino é -in o feminino fórmase engadindo un -a.**

o bailarín / a bailarina

Se o final do masculino é -án o feminino pode formarse en -á

o ancián / a anciá
o aldeán / a aldeá

Ou en -ana

o capitán / a capitana
o charlatán / a charlatana

Se o final do masculino é -ón, o feminino fórmase en -ona, ou -oa.

león / leona, leoa
ladrón / ladrona, ladroa

A formación do feminino por medio dun morfema derivativo realízase sobre a mesma base léxica có masculino correspondente. o galo / a galiña

o abade / a abadesa

o actor / a actriz

Hai, finalmente, aqueles substantivos que non presentan oposición xenérica a non ser engadindo as palabras macho ou femia.

o canario (macho) / o canario (femia)

xílgaro (macho) / o xílgaro (femia)